

DESCRIPTORES OPTATIVAS CURSO 26/27

Técnicas teatrais aplicadas á interpretación musical

Prof. Marta Sancho

2 créditos/cuadrimestre

A materia Técnicas teatrais aplicadas á interpretación musical é fundamentalmente práctica. A súa metodoloxía baséase nos principios básicos de Musicality of Movement approach, creado especificamente para músicos por Virág Dezső, o cal se fundamenta no Mimo corporal dramático do actor Étienne Decroux.

Nas rutinas de adestramento de cada sesión inclúense exercicios de respiración asociados ao movemento, individuais e en parella. Estes exercicios axudan a descubrir e comprender a linguaxe do corpo, así como a desenvolver a consciencia corporal e a propiocepción, é dicir, a consciencia sobre o movemento, a coordinación, a postura, o equilibrio, a posición da persoa no espazo, e o tamaño, forma, dureza ou textura dos obxectos. Ademais, inclúense tamén improvisacións libres no espazo escénico, con e sen instrumentos musicais. Con elas desenvólvese a intuición diferenciándoa do pensamento, fávorecese a capacidade creativa e o fraseo a través dun corpo e espazo articulados, garántese unha aprendizaxe significativa grazas á relación da respiración e todos os elementos da performance, así como tamén se desenvolve a consciencia espacial. Para elo, búscase alcanzar un corpo neutral que sexa capaz de cambiar, transformarse e sorprender, xa que a sorpresa non só é considerada un aspecto importante para o intérprete, senón tamén para o público.

Improvisación jazzística para músicos clásicos I-II

Prof. Roberto Somoza

3 créditos/cuadrimestre

Coa materia de improvisación jazzística para músicos clásicos queremos posibilitar a adquisición para os alumnos de música clásica, de coñecementos rudimentarios sobre a música de jazz, con especial atención a integración da linguaxe, a comprensión e o análise harmónico-melódico do repertorio e o estilismo musical axeitado para os distintos estilos musicais do século XX. Permitirá contribuír á implementación da formación musical dos futuros profesionais, contribuíndo á sinerxia con outros estilos e disciplinas artísticas.

CORO JAZZ-POP-GOSPEL I-II

Prof. Traugott Graser

4 créditos/cuadrimestre

...para a realización do coro JPG: voces das catro tesituras vocais (Soprano, Contralto, Tenor, Baixo) cun equilibrio numérico entre os grupos. (Na inscrición, por favor indicade a vosa tesitura vocal.) Os / as interesad@s traerán interese e disposición a traballar dentro destes tres xéneros: afinación e disciplina coral – aspectos auditivos e harmónicos – algúns aspectos básicos da improvisación vocal conxunta e individual - “Scat Grooves” e “Bodypercussion” – pasos – algúns elementos da técnica vocal dos xéneros – a memoria musical: nas actuacións parte do repertorio interprétase sen partitura e parte do repertorio apréndese no modo “call and response” – o canto solista dentro do grupo – asistencia ao 100% das clases (a avaliación é continua e integradora sen exame final). Haberá varias presentacións do traballo no público durante e ao final do curso.



Orquestra de corda

Prof. Carolina Landriscini

3 créditos/cuadrimestre

Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas e expresivas a través da práctica da formación Orquestra de Corda. Desenvolvemento de ferramentas innovadoras para un bo desempeño na saída ó mundo laboral. Experimentación con outras disciplinas artísticas no marco das artes escénicas e audiovisuais. Preparación e posta en marcha dun programa de concerto representativo do noso centro, a través do traballo interpretativo do repertorio esencial representativo desta formación musical.

CREACIÓN E XESTIÓN DUNHA ENTORNA PERSOAL DE APRENDIZAXE I-II

Prof. Elisa Timiraos

3 créditos/cuadrimestre

A rede social, a web 2.0, as aplicacións móbiles, poñen a aprendizaxe sen límites ao alcance das nosas mans. Como? Onde? Recollemos, analizamos, xestionamos toda a información á que temos tan fácil acceso? Buscar, crear e compartir. Internet é unha fonte sen límites de información, recursos, ¿como os xestionamos?, ¿Qué nos ofrece a web social?, ¿Cómo creamos a nosa rede persoal de aprendizaxe? ¿Qué fontes de información conozco na rede? ¿Cales son os mecanismos e actividades para ler, para facer/reflexionar facendo e para compartir e reflexionar na comunidade da web? ¿Cómo xestionamos toda a información que nos atopamos na rede? ¿Qué ferramentas dixitais podemos utilizar? ¿Qué aplicacións móbiles poden axudarme no meu aprendizaxe musical? ¿Cómo e para qué utilizar estas ferramentas dixitais? ¿Qué conxeiños fago na rede para seguir aprendendo fora do Conservatorio? ¿Aprendo cas redes sociais? ¿Cómo podo atopar e conectar con outras persoas, comunicar e compartir os meus aprendizaxes?

Trataremos entre todos e cada un persoalmente, de dar resposta a estas e outras preguntas.

TALLER DE INTERPRETACIÓN APLICADO A DIRECCIÓN I-II

Prof. José Javier Sanz

3 créditos/cuadrimestre

Achegamento á técnica de dirección e posta en práctica dos xestos básicos para liderar diferentes agrupacións. Introducción aos criterios interpretativos básicos para unha correcta lectura dunha partitura orquestral ou coral, e á técnica necesaria para a súa realización como director.

BRASS BAND I-II

Prof. Javier Monteagudo

3 créditos/cuadrimestre

Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas e expresivas a través da práctica da formación de grandes ensembles de metais e percusión.

Desenvolvemento de ferramentas innovadoras para un bo desempeño na saída ó mundo laboral performativo. Experimentación con outras disciplinas artísticas no marco das artes escénicas e audiovisuais. Creación dun gran proxecto artístico-escénico que inclúa a participación de varias disciplinas artísticas, correntes estéticas e diversidade de estilos musicais. Confluencia do alumnado de itinerarios diferentes e dispares da especialidade de Interpretación, como os instrumentos de metal e percusión e o Jazz, para o beneficio mutuo. Posta en escena e presentación en público dos espectáculos creados e traballados.

CORO GALEGO I-II**Prof. Nuria Lorenzo****3 créditos/cuadrimestre**

Análise e descrición da realidade cultural, orixe e evolución do que damos en chamar Coro Galego, cun peso fundamental na práctica do canto en conxunto e un achegamento á variedade formal e do repertorio.

Materia aberta a todo o alumnado, no que o fundamental será o coñecemento dende dentro dun coro galego, cunha aportación por parte de cada alumno ou alumna de distintas cualidades ou coñecementos previos non necesariamente relacionados co canto que poidan levar a un enriquecemento mutuo traballando coa materia prima musical que herdamos dos nosos devanceiros e que mesmo pode abrir camiño a novas creacións.

MÚSICA LATINA I-II**Prof. Hansel Luis Díez****4 créditos/cuadrimestre**

Na materia de Música Latina abordarase o coñecemento dos estilos e xéneros da música latina, principalmente de raíces e tradicións afrocubana, así como das súas orixes, e dos intérpretes e compositores máis relevantes. Desenvolvemento das habilidades na interpretación e na improvisación sobre os principais estilos desta música. Capacidade interpretativa sobre os instrumentos de percusión máis representativos. Linguaxe corporal na execución e práctica dos bailes máis representativos.

Introdución á didáctica da linguaxe musical I-II**Prof. Janet Salinas****4 créditos/cuadrimestre**

Despois da licenciatura, unha gran parte do noso alumnado comeza a súa andaina laboral exercendo a docencia en centros musicais, tales como escolas de música e conservatorios municipais. A formación actual dos que se inician na música comporta a necesidade de que coñezan dende o principio os fundamentos da Linguaxe Musical xa que se aplican dende o primeiro día en simultaneidade cos instrumentais. Dada a ausencia dunha formación didáctica nos nosos estudos superiores actuais que capacite na didáctica da linguaxe musical, faise necesaria unha mínima formación nese campo. Unha materia que dote ó noso alumnado das ferramentas, recursos e metodoloxía adecuada para poder aplicar uns fundamentos básicos da Linguaxe Musical en función das necesidades que cada situación pedagóxica, do instrumento ou as habilidades a adquirir.

Historia da interpretación musical I-II**Prof. Crisanto Gándara****3 créditos/cuadrimestre**

Materia de carácter teórico-práctico que pretende un achegamento ás diferentes perspectivas de reflexión en torno á interpretación musical e por outra banda a adquisición de coñecementos fundamentais relacionados coa praxe interpretativa.



Técnica vocal para instrumentistas de vento I-II

Prof. Aida Cruz

2 créditos/cuadrimestre

Todos os instrumentos de vento teñen como principio da produción do son o aire, ao igual que a voz. Co estudo da técnica vocal pódense adquirir ferramentas que contribúan ao desenvolvemento do control do aire con exercicios que poidan mellorar a técnica respiratoria así como o desenvolvemento do coñecemento do corpo, o aparato fonador e adquisición de maior conciencia corporal. Traballárase unha técnica vocal básica que permita adquirir nocións de hixiene vocal, o desenvolvemento do canto interno como imaxe auditiva da idea musical completa así como a interpretación dun repertorio sinxelo dirixido e adaptado a instrumentistas de vento. A partir da interpretación vocal o alumnado traballará tamén a presenza escénica e expresividade. Realizarase un traballo teórico-práctico que proporcione a comprensión dos aspectos técnicos do aparato fonador de cara á unha correcta interpretación práctica de maneira que o traballo vocal e o coñecemento do instrumento vocal favorezan a interpretación do repertorio do propio instrumento de vento.

MÚSICA CONTEMPORÁNEA PARA INSTRUMENTISTAS I-II

Prof. Patricia Sánchez

3 créditos/cuadrimestre

Debido ás necesidades técnicas e interpretativas derivadas da complexidade do repertorio contemporáneo co que han de traballar os alumnos, xorde a necesidade de profundar no coñecemento dos principais elementos que forman as diferentes obras que o alumno terá que afrontar, para así avanzar cara a unha interpretación adecuada. O achegamento con esta materia a obras do s.XX dotará ao alumno do coñecemento teórico dos distintos elementos e procedementos compositivos (son, textura, harmonía, contrapunto, melodía, ritmo, forma, grafías,...), así como dos factores históricos asociados ao feito musical, á vez que outorga unha serie básica de ferramentas metodolóxicas que posibilitan a comprensión destas obras para acadar a súa mellor interpretación. Os contidos deste curso centraranse no estudo de obras representativas da música contemporánea, dende comezos do século XX ata o presente, profundando nos mecanismos propios das mesmas. Profundarase no tratamento que se dá ao son e a textura, a harmonía, a melodía e o contrapunto, o ritmo e a forma, exemplarizándoo en obras concretas. Isto servirá ao alumno para extrapolar os coñecementos adquiridos a outras obras coas que se enfrontará no futuro, e capacitaranlle para analízalas, comprendelas e interpretalas adecuadamente. É necesario outorgar a unha obra a súa xusta dimensión ao relacionala con outros estilos e épocas, ademais de valorala como pertencente a un estilo, autor ou época determinados. Hai que resaltar tamén que os procedementos non só se dirixen á asimilación teórica dunha serie de coñecementos senón que han de incluír a identificación auditiva dos diferentes aspectos estudados e a súa aplicación para unha correcta interpretación. Todo isto é o que conduce á presentación de este curso "Música contemporánea para instrumentistas (I e II)", que se cursarían como materia optativa en dous cuadrimestres de 3 créditos cada un e dúas horas de clase semanais, tratándose no primeiro cuadrimestre (I) "a música contemporánea ata o ano 1950" e no segundo (II) "a música contemporánea despois de 1950".